



FICHA RESUMO

Ano	2011	PE403A 2010/40-1
Entidade	CONFRARÍA DE PESCADORES DE CORME	
Plan explotación⁽¹⁾	PERCEBE	
Réxime⁽²⁾	RECURSO ESPECÍFICO	
Modalidade⁽³⁾	A PE E EMBARCACIÓN	

Especies	Percebe (<i>Pollicipes pollicipes</i>)
Ambito do plan	Da enseada do río Anllóns a punta Nariga
Subzonas de explotación	Zona A (Canteiro): da Enseada do Anllóns ao porto de Corme e pedras cercadas. Zona B (Roncudo): do porto de Corme ao Carreiro da Balea e pedras cercadas. Zona C (Gabriela): de Carreiro da Balea a Zorradeira e pedras cercadas. Zona D (Percebellosa): de Zorradeira a Enseada de Grixoa e pedras cercadas. Zona E (Rosas): de Enseada de Grixoa a Pta. Nariga e pedras cercadas.

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Habilitacións
28	18	46
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		SI
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
3	1 (*)	5 (*)

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción		110										
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾												
Modalidade⁽³⁾: a pé												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾												
Modalidade⁽³⁾: dende embarcación												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Topes de captura ⁽⁶⁾			
Especies	A pé (Mariscador/día)	Embarcación	Habilitación enrolado e a bordo/día
Percebe	5 kg (peso neto) 6 kg (peso bruto)	-	5 kg (peso neto) 6 kg (peso bruto)

Artes a empregar	Raspa ou rasqueta
-------------------------	-------------------



Puntos de control	Zona A: praia da Ermida, praia de Balares e camiño do Canteiro. Zona B: merendeiro e cruce da Atalaia. Zona C: merendeiro, aldea do Roncudo e mirador do Roncudo. Zona D: aldea do Roncudo, os Eolos e a Fontenla Zona E: praia da Barda, Santa Mariña, a Fontenla e punta Nariga. Porto de Corme para as embarcacións.
Puntos de venda	Lonxas e puntos de venda autorizados

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Epoas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros												

Outras consideracións ⁽⁹⁾
<p>Participantes: Inclúen un listado con 29 percebeiros a pé, cando rematado o proceso de renovación de permex para o ano 2011 nesta Confraría, o número de percebeiros autorizados para traballar o vindeiro ano é de 28. non ten o permiso renovado para o 2011.</p> <p>Así mesmo, inclúe o listado 18 embarcacións -con 46 cotas- e 32 tripulantes habilitados co recurso percebe no seu permiso de explotación e asociadas á confraría de Corme.</p> <p>(*) Ampliación: A ampliación aprobada é a seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> - 3 habilitacións que se outorgarán entre as embarcacións que xa contan coa modalidade de percebe no permiso de explotación e están incluídas no plan de explotación. - 1 embarcación con 2 habilitacións. Esta ampliación poderá realizarse unha vez que a embarcación cause baixa no plan de explotación de percebe pola resolución favorable



do procedemento de cambio de porto base.

- 3 permisos de explotación a pé, resultado das vacantes producidas respecto ao plan de 2010.

A selección farase de conformidade co baremo aprobado pola Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños.

No caso dos permisos de explotación para percebe a pé e de producirse baixas durante o ano 2011 non existe inconveniente en que se cubran as vacantes podendo facer uso das listas de reserva xa que este é un dos supostos previstos.

Así, recórdase que as listas de reserva teñen unha vixencia de 1 ano dende o día seguinte dende que o departamento territorial dita resolución definitiva das persoas seleccionadas para acceder ao permes e que podan usarse, cando así o solicite a confraría, de conformidade coa agrupación sectorial nos seguintes supostos:

- a) se produzan vacantes durante o proceso selectivo para o outorgamento de novos permisos e,
- b) cando se produzan vacantes durante a vixencia dos plans de explotación.

Calendario de extracción: á vista da evolución deste plan de explotación, o número de días máximos é de 110.

Extracción dirixida ao percebe "alongado" que se desenvolverá baixo as seguintes condicións:

- Solicitud expresa, para a súa valoración e aprobación de ser o caso, que se remitirá ao departamento territorial indicando os seguintes aspectos: zona, data, cota máxima de captura, relación de participantes e talla mínima
- Talla mínima do percebe "alongado": entre 6 e 8 cm de lonxitude total. Deberase concretar na solicitude de apertura a talla mínima dentro do rango indicado anteriormente.
- Cota máxima de captura: 10 kg/percebeiro/día e 10 kg/habilitación enrolado e a bordo/día
- Os días adicados a esta extracción selectiva non computarán no número de días máximo de extracción
- Esta extracción realizarase durante os meses de maio e xuño.
- O percebe extraído será vendido mediante poxa na lonxa.
- As zonas nas que se levará a cabo esta extracción deberán estar claramente identificadas

Xestión da explotación: A explotación do ámbito do plan realizarase mediante a rotación das cinco zonas de produción.

Cota máxima de captura: Establécese unha cota máxima de captura en peso bruto de 6 kg/percebeiro/día e 6 kg/tripulante habilitado enrolado e a bordo/día e unha cota en peso neto de 5 kg/percebeiro/día e 5 kg/tripulante habilitado enrolado e a bordo/día.

Arte: A arte a utilizar é unha raspa de 3 cm de ancho. Prohíbese o uso do truel.

Puntos de control: Establécense puntos de control por zonas de extracción, nos que se controlan despachos, habilitacións, permisos de a pé, cupos e tallas. Os responsables son os vixiantes da confraría, que entregarán un ticket a cada percebeiro no que consten os quilos que pasan polo control. Dito ticket será entregado na confraría para a expedición do documento de



transporte.

O paso polos puntos de control é obrigatorio para tódolos integrantes deste plan.

Cómpre lembrar o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008: *“no caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo mesmo propietario que a entrega”*.

Vixilancia: Os integrantes deste plan colaboran nas labores de vixilancia dos bancos de percebe. A organización das vixilancias está ben definida, sendo responsabilidade da directiva da agrupación a distribución dos grupos e establecemento de quendas. A realización de vixilancias é obrigatoria para todos os integrantes do plan e computarán como días de actividade a efectos da renovación dos permisos de explotación de percebe a pé. Os responsables do control de asistencias serán os vixiantes da confraría.

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior

Horario: Neste plan recóllese que o horario de traballo será dende 1 hora e media antes a 1 hora despois da baixamar diúrna, ata as 17'00 h. Non se traballará antes do orto. Tendo en conta que este horario é máis restritivo que o recollido na Orde do 6 de marzo de 2000, pola que se regula a explotación de percebe como recurso específico no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, non existe inconveniente na súa aplicación.

Vixilancia: Os integrantes deste plan colaboran nas labores de vixilancia dos bancos de percebe. Non aclara se a realización de vixilancias é obrigatoria para todos os integrantes do plan nin como se fai o control de asistencias, nin se estes días computarán como días de actividade a efectos da renovación dos permisos de explotación de percebe a pé.

Réxime sancionador: Recórdase o disposto na Orde do 13 de novembro de 2008 pola que se modifica a Orde do 6 de marzo de 2000 que regula a explotación de percebe: *“a renovación do permiso de explotación requirirá o cumprimento das prescricións contidas no plan de explotación específico para percebe de cada ano, o que determinará a súa inclusión ou exclusión do plan de explotación específico.”*